

## Concello de Outes

**Expediente núm.:** 28/2022

**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos. Bolsa de emprego persoal de limpeza

**Data de iniciación:** 14/01/2022

### ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR E DESENVOLVEMENTO DO PRIMEIRO EXERCICIO

Reunidos ás 10:00 horas, na Casa de Cultura do Concello de Outes, o 1 de xullo de 2022, os integrantes do Tribunal cualificador, que se constitúe para valorar as probas relativas ao proceso de selección de creación de bolsa de emprego para persoal de limpeza, os membros do Tribunal cualificador formado por:

Cargo	Identidade
Presidente	D <sup>a</sup> Sofía Pérez Figueira (substituta de D. Andrés Busto Allo)
Secretaria	D <sup>a</sup> Juana Pedrosa Leis
Vogal	D <sup>a</sup> Berta Buján Casanova
Vogal	D. Manuel Rama Dosil
Asesora do tribunal	D <sup>a</sup> Irene Espasandín Bermúdez

O acto ten por finalidade levar a cabo dito procedemento de selección, segundo a lista definitiva de aspirantes admitidos-as aprobada polo Decreto nº 2022-0305 de data 27/06/2022. Para elo procédese a:

**PRIMEIRO.** Realizar e avaliar o primeiro exercicio da fase de oposición tal e como se sinala na base SEXTA, apartado 3.1) da convocatoria.

Os aspirantes foron chamados individualmente para a realización do mesmo. Non se presentaron os aspirantes Lestón Otero, María; Montes Teijido, Roberto e Sanlés Ruibal, Sergio. Ditos aspirantes quedan excluídos do proceso de selección atendendo á base SEXTA, apartado 3.1 da convocatoria onde di ".Exercicio 1: de carácter obrigatorio e eliminatorio"

*Unha vez explicada, segundo as bases da convocatoria, a execución da proba, os aspirantes procederon á realización da mesma.*

Atendendo ás respostas correctas das 20 preguntas do primeiro exercicio da fase de oposición (xúntase como Anexo a esta Acta a proba presentada aos aspirantes coas respostas correctas sombreadas); a cualificación do primeiro exercicio é a seguinte:

**Concello de Outes**

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003. Fax:



## Concello de Outes

Identidade do Aspirante	Puntos Obtidos
1. Agrafojo Mayo, Manuela	7,50
2. Antelo Romero, Carlos	9,00
3. Brea Romero, Jason	7,00
4. Caamaño Campos, Clara	5,50
5. De Ron Suárez, M <sup>a</sup> Teresa	8,50
6. García Dieste, Josefa	8,00
7. García Nieto, Raquel	7,00
8. García Novo, M <sup>a</sup> Pilar	7,50
9. Lado Martínez, M <sup>a</sup> Dolores	7,00
10. Leis Arcos, José Benedicto	6,00
11. Lestón Cernadas, Olalla	8,50
12. Mayo Blanco María	8,50
13. Piñeiro Iglesias, Ramón Alberto	7,50
14. Ramos Senra, Eva M <sup>a</sup>	9,50
15. Santamaría Coiradas, M <sup>a</sup> Peregrina	8,00
16. Suárez Seijas, Zaira	8,50
17. Tomé Tomé, M <sup>a</sup> del Carmen	6,50
18. Villar Martínez, Noa	9,00

**SEGUNDO.** Establecese un prazo de reclamacións dende a data de publicación desta acta ata o martes, 5 de xullo, ás 14:00 horas.

**TERCEIRO.** Convócase aos aspirantes que superaron o primeiro exercicio da fase de oposición para a **realización do segundo exercicio** da fase de oposición que consistirá na realización **suposto práctico** tal e como se sinala na base SEXTA apartado 3.2 da convocatoria. Dita proba terá lugar o vindeiro **martes 5 de xullo, ás 10:00 horas na Casa de Cultura** do Concello de Outes.

A presidenta dá por terminada a reunión ás 11.00 horas.



## Concello de Outes

---

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_

DNI: \_\_\_\_\_

Instrucións:

- O cuestionario consta de 20 preguntas tipo test e 3 de reserva para o suposto de impugnación dalgunha das 20 preguntas. **Cada pregunta só ten unha resposta correcta.**
- O tempo do que se dispón para a realización do cuestionario é de **30 minutos.**
- Non se permite usar ningún tipo de dispositivo móbil durante a realización do cuestionario.
- As respostas incorrectas e as preguntas sen resposta (en branco) **NON penalizan.**
- O cuestionario deberase cubrir marcando un **X** no cadro da resposta que considere correcta. De haber varias respostas con X nunha mesma pregunta, considérase errónea para todos os efectos.
- Se a persoa marca X inicialmente nun recadro e posteriormente altera a súa opción dentro dunha mesma pregunta, deberá indicar cal é a resposta correcta.

### CUESTIONARIO

1- **En que parroquia do concello de Outes está situado o centro social do lugar de Cabana Moura?**

- Matasueiro (San Lourenzo)
- Entíns (Santa María)
- Santo Ourente de Entíns** (Santo Ourente)

2- **Cal destas accións debe realizarse diariamente?**

- O baleirado de papeleiras**
- A limpeza de cristais
- A limpeza de puntos de luz

3- **Segundo a clasificación de deterxentes e limpadores, cal destes produtos non é de mantemento e limpeza?**

---

**Concello de Outes**

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003. Fax:



## Concello de Outes

---

- Quita graxas
- Limpa metais e produtos para o tratamento de superficies metálicas
- Suavizantes

### 4- Con que outro nome é coñecido o *hipoclorito sódico*?

- Vinagre
- Lixivia
- Amoníaco

### 5- Como se prepara a dilución dun desinfectante en proporción 1:10?

- Con 9 partes de auga e 1 de desinfectante
- Con 10 partes de auga e 1 de desinfectante
- Con 10 partes de desinfectante e 1 de auga

### 6- A desinfección:

- É unha operación de limpeza
- Reduce o número de xermes
- As dúas respostas anteriores son correctas

### 7- Con que concellos limita o municipio de Outes?

- Muros, Lousame, Brión e Noia
- Mazaricos, Lousame, Muros e Noia
- Mazaricos, Brión, Negreira, Muros e Noia

### 8- A lixivia e o alcol teñen en común que son:

- Desengraxantes
- Desinfectantes
- Limpadores

### 9- Para a limpeza do equipo informático, débese ter en conta:

- Que o equipo estea funcionando para ver mellor as manchas sobre a pantalla
- Limparase cun pano moi mollado en agua con deterxente
- Preferentemente limparase con produtos antiestáticos



## Concello de Outes

---

10- **Que nos indica este etiquetado nun produto de limpeza?**

- Inflamable
- Corrosivo**
- Tóxico



11- **De acordo ao seu PH como se clasifican os deterxentes?:**

- Neutros, ácidos e alcalinos**
- Alcalinos, neutros e nitrosos
- Sulfúricos, alcalinos e neutros

12- **Na realización das tarefas de limpeza inclúese:**

- Desinfección, limpeza e orde do edificio
- Desinfección, limpeza e orde do edificio e do mobiliario, aínda que iso implique modificar a organización de elementos de traballo
- Desinfección, limpeza e orde do edificio e do mobiliario, pero non se debe modificar a organización de elementos de traballo**

13- **A aplicación dos produtos de limpeza mediante a dispersión no aire dos mesmos denomínase:**

- Fumigación
- Pulverización**
- Emulsión

14- **A última tarefa que se realiza na limpeza dos aseos é:**

- Baleirar a papeleira
- Fregar o chan**
- Limpar os azulexos

15- **A baldosa é un tipo de chan:**

- Poroso
- Textil
- Duro e homoxéneo**



## Concello de Outes

---

**16- A limpeza do chan realizarase:**

Semanalmente

**Diariamente**

En días alternos

**17- No procedemento de limpeza sinala a orde correcta:**

**Ventilar, accións de limpeza, retirar residuos**

Retirar residuos, accións de limpeza, ventilar

Ventilar, retirar residuos, accións de limpeza

**18- Cal das seguintes misturas produce un gas tóxico:**

Lixivia e deterxente

**Lixivia e amoníaco**

Bicarbonato e vinagre

**19- A lixivia debe diluírse en:**

**Auga fría**

Auga quente

Dá igual fría que quente

**20- Antes de proceder a limpeza dos aseos hai que:**

Limpar os azulexos

Fregar o chan con abundante auga

**Verificar o correcto funcionamento das billas e da cisterna**

### **PREGUNTAS DE RESERVA**

1- Para quitar a sucidade do chan en zonas amplas, corredores, etc, empregaremos

a:

**Mopa**

Fregona

Vasoira



## Concello de Outes

---

### 2- As cadeiras de tea dunha oficina lípanse:

- Con deterxente neutro sen diluír
- Con deterxente ácido sen diluír
- Con deterxente neutro diluído en auga

### 3- Que nos indica este etiquetado nun produto de limpeza?

- Perigo para a saúde
- Produto venenoso
- Produto inflamable



Asinado: \_\_\_\_\_

